



CONCELLO
DE CUNTIS



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Juan Manuel Rey Rey, Alcalde Presidente do Concello de Caldas de Reis, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Manuel Campos Velay, Alcalde Presidente do Concello de Cuntis no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, José Cela Camiño, Alcalde Presidente do Concello de Moraña, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.



As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento de este convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

1. O organismo autónomo Augas de Galicia, promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do ano 1997.

De acordo co previsto no artigo 132 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, aprobouse pola Presidencia de Augas de Galicia o anuncio de licitación do concurso da concesión administrativa. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento. A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase acabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

2. Logo de iniciar a explotación do aproveitamento polo concesionario que resultou adxudicatario do concurso, fíxose preciso dar cumprimento ao establecido no prego de bases, mediante a sinatura dun convenio de colaboración, polo que o 13.11.2002, asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra, e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión destas axudas.



3. O 22.04.2010, a presidenta de Augas de Galicia, asinou a resolución pola que se modificaban as bases ás que se axustaba a concesión indicada no punto 1, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

4. No 2010 procedeuse a adaptar a xestión destes fondos á nova redacción do prego de bases. Asemade, para unha máis eficaz xestión e celeridade no procedemento de transferencia, procedeuse a realizar algúns cambios que motivaron a elaboración dun novo convenio. Polo que o 22.11.2010 asinou un novo convenio de colaboración, tendo en conta o carácter das administracións públicas que interveñen, e o obxecto deste convenio no que os tres concellos asumirán a condición de beneficiarios da axuda outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e tramitación desta axuda, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na normativa autonómica reguladora das axudas e subvencións, e concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, (RSG).

5. O citado convenio tivo unha vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade nove convenios que remataron, respectivamente, o 31.12.2011,



31.12.2012, o 31.12.2013, o 31.12.2014, o 31.12.2015, o 31.12.2016
31.12.2017, 31.12.2018 e o 31.12.2019.

6. A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a antedita lei, establecen que as fórmulas de actualización de prezos referidas as variacións de índices xerais, tales como o Índice de Prezos ao Consumo, deberán substituírse por valor cero.

7. Finalizada a vixencia do convenio anterior, procede agora tramitar un novo convenio con vixencia ata o día 31.12.2020.

En consecuencia, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis (en adiante, prego de bases).

De acordo co anterior, preténdese con este instrumento de colaboración un dobre obxectivo:



1. Establecer as condicións nas que a Deputación de Pontevedra asume o carácter de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da LSG.
2. Desenvolver o réxime da axuda prevista aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, de conformidade co previsto no artigo 26 da LSG.

SEGUNDA. CONTÍA DAS AXUDAS

Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no citado prego de bases, destinará unha cantidade máxima de 392.535,78 € para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 01.01.2020 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

O reparto destas cantidades, efectuarase do seguinte xeito:

Caldas de Reis	130.845,26
Cuntis	130.845,26
Moraña	130.845,26

TERCEIRA. ENTIDADE COLABORADORA

A Deputación Provincial de Pontevedra, asume a condición de entidade colaboradora, para os efectos do previsto no artigo 9 da LSG, colaborando na xestión e distribución das axudas previstas na cláusula segunda e de conformidade co previsto na cláusula 4ª g) do prego de bases da concesión. A estes efectos a deputación provincial asume, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, as seguintes obrigas:

- a) Entregarlles aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención que se concretan neste convenio.



- b) Comprobar a realización da/s actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano que concedeu a subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

CUARTA. BENEFICIARIOS

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego de bases da concesión e no presente instrumento de colaboración, para aquelas actividades incluídas no ámbito material previsto, cando se desenvolvan no eido territorial de cada concello.

As entidades beneficiarias, asumen, de acordo co previsto no artigo 11 da LSG, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Deputación de Pontevedra, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Deputación de Pontevedra, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

As actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social que se financian con esta subvención se incorporan como anexo a este documento.

QUINTA. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS AXUDAS

Augas de Galicia financiará as actuacións ata o máximo do importe que consta na cláusula segunda.

As contías referidas na cláusula segunda ingresaranse mediante transferencia bancaria á Deputación Provincial de Pontevedra, na súa calidade de entidade colaboradora. Esta transferencia, realizarase en todo caso, no prazo dun mes a contar dende a data de xustificación das actuacións por parte dos concellos perante a deputación de Pontevedra. O gasto derivado da execución desta actuación imputarase na conta 6516 "Subvencións correntes a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

SEXTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS POR PARTE DOS BENEFICIARIOS

En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte dos tres concellos beneficiarios das axudas, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo coa citada normativa, os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, asumen como beneficiarios das axudas previstas neste convenio, e respecto da



Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora e xestora das mesmas, as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG, unha vez rematadas as actuacións, por parte de cada concello deberá ser xustificado ante a Deputación de Pontevedra o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A referida xustificación deberá presentarse antes do 1 de decembro do 2020.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar á Deputación Provincial de Pontevedra, (e esta, á súa vez, a Augas de Galicia) de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo establece o citado artigo, e especialmente a conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas



públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

SÉTIMA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA

Unha vez presentada a xustificación polos concellos, a Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, deberá presentar certificación acreditativa do cumprimento por parte dos concellos das obrigas recollidas na cláusula anterior. Esta certificación deberá achegarse antes do día 20 de decembro de 2020 ante Augas de Galicia. Asemade, e de acordo co apartado d) do mesmo artigo, someterase ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos fondos poida efectuar o órgano que concede, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento do presente convenio, presidida pola Dirección de Augas de Galicia e formada polos seguintes representantes:

- Un representante de Augas de Galicia
- Un representante da Deputación de Pontevedra
- Un representante do concello de Caldas de Reis
- Un representante do concello de Cuntis
- Un representante do concello de Moraña

Esta comisión realizará as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio.
- Interpretar en caso de dúbida o contido deste.



- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir nas súa aplicación.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que ao réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ás actividades realizadas dende o 01.01.2020, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2020.

UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia



Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre as partes que interveñen neste convenio e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

A presidenta de Augas de Galicia

Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello
de Caldas de Reis

Juan Manuel Rey Rey

O alcalde do Concello de Moraña

José Cela Camiño

A presidenta da Deputación Provincial de
Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello de Cuntis

Manuel Campos Velay





CONCELLO
DE CUNTIS



ANEXO
ACTUACIÓNS DE CARÁCTER EDUCATIVO,
CULTURAL E DE ASISTENCIA SOCIAL



ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE MORAÑA

A) ÁREA DE SERVICIOS SOCIAIS

1º.- Programa de axudas a entidades benéficas e asistenciais: mediante o cal o concello financia os gastos daquelas asociacións relacionadas cos servizos sociais a minusválidos, persoas da 3ª idade, etc., cun presuposto de 8.500,00 euros.

2º.- Servizo de Axuda no Fogar-Dependencia: mediante o cal se atende as persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, cun presuposto de 50.000,00 euros.

B) ÁREA DE EDUCACION E CULTURA

3º.- Festa do Carneiro ó Espeto: actos que se organizan durante o mes de xullo de cada ano con motivo da celebración da Festa Gastronómica do Carneiro ao Espeto, declarada de interese turístico pola Xunta de Galicia, cun presuposto de 25.000,00 euros.

4º.- Festas de Carnavais e do magosto actos organizados na semana do entroido para fomentar o mantemento das tradicións carnavalecas e do entroido no municipio e do magosto para festexar a festa do San Martiño e o samaín , cun presuposto de 4.000,00 euros.

5º.- Festas nas parroquias do municipio: para fomentar o mantemento das festas tradicionais das distintas parroquias do municipio, o concello financia o gastos das Bandas de Música para as festas parroquiais, cun presuposto de 1.600,00 euros.



6º.- Festas do Nadal, Cabalgata de Reis: actos organizados nos meses de decembro e xaneiro de cada ano para conmemorar a festividade do nadal e o novo ano, cun presuposto de 18.900,00 euros.

7º.- Actividades deportivas, de ocio e benestar: organización de actividades deportivas para os mozos e de ocio e benestar para as persoas da terceira idade e actividades culturais en centros de cultura, cun presuposto de 3.300,00 euros.

8º.- Escuela Municipal de Música: o concello ten en funcionamento unha Escola Municipal de Música na que se imparten actividades musicais, cun presuposto de 25.000,00 euros.

9º.- Servizo de Ludoteca; que ten como principal obxectivo o de conciliar a vida familiar dos cidadáns, para o cal vaise atender a aqueles pais e nais que non poden compaxinar a súa vida laboral coas vacacións do seus fillos no mes de xullo e agosto, cun presuposto de 5.500,00 euros



ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

1. Cabalgata de Reis
2. Entroido
3. Festas de San Xoán
4. Festival Cultura Quente – Verán 2020
5. Promoción social e turística de Caldas de Reis
6. Plan Cultural de Festas Populares
7. Programación deportiva
8. Outono Cultural
9. Edición e homenaxe a “Máximo Sar”

1. CABALGATA DE REIS:

A Cabalgata de Reis é unha celebración moi concorrida e que goza de moita popularidade.

Dende as cinco da tarde, os Reis Magos están a disposición dos nenos e nenas no Auditorio Municipal para facerse fotografías cos cativos e escoitar os seus desexos. E a continuación celébrase a cabalgata polas rúas de Caldas, cun percorrido en carrozas co seu séquito persoal, con caramelos e agasallos para os máis pequenos, chegando á Praza das Palmeiras onde fan a adoración nocturna nun nacemento vivente. Para rematar o acto, o grupo de danzas folclóricas de Caldas e asociacións caldenses agasallan aos Reis con pezas e cantigas tradicionais.

Pola noitiña os Reis de Oriente aínda teñen folgos para visitar aos residentes da residencia de anciáns e agasallalos con doces e produtos da terra.

Nesta actividade participan de forma activa varias asociacións caldenses.

Orzamento: 15.250,00 €



2. ENTROIDO:

As partes centrais da actividade son o desfile do Domingo de Entroido e o Enterro da Sardiña.

No concurso do domingo de entroido poden participar persoas de xeito individual, por parellas ou grupos, preparando os disfraces, coreografías e posta en escena.

Establécense varias categorías con premios en metálico para o domingo do desfile que se entregan despois da deliberación dun xurado composto por membros de entidades representantes do pobo.

En canto ao Enterro da Sardiña, a elaboración da sardiña é todo un acontecemento xa que se xuntan persoas de diversas idades para deseñar e decorar a sardiña, pero por outro lado, inventan as "letanías", coplas e disposición dos persoeiros principais.

Orzamento: 5.150,00 €

3. FESTAS DE SAN XOÁN:

A festividade de San Xoán celébrase o 24 de xuño e foi festivo na Comunidade de Galicia. En Caldas de Reis é unha celebración que goza dunha gran tradición dende tempos inmemoriais. Este ano, e a pesares da situación tan próxima de saída do confinamento pola pandemia mundial, xa se puido organizar unha pequena celebración adaptada á normativa para eventos que nese momento estaba fixada.

Coa participación da Asociación de Hostaleiros de Caldas de Reis presentáronse dous días de actividades musicais e deportivas.

Un concerto de pequeno formato nunha praza central do casco histórico da vila e unha xornada de deporte ao aire libre para nenos e maiores foi a programación principal desta celebración tan especial, dadas as circunstancias excepcionais.

Orzamento: 4.993,00€



4. FESTIVAL CULTURA QUENTE:

O Festival Cultura Quente é unha iniciativa de desenvolvemento local que cumpre 23 anos, e está consolidada como unha das citas máis esperadas do panorama cultural do noso país.

Este ano 2020 debido á situación da COVID19 non será posible organizar o festival Portamérica, por tanto óptase por presentar unha programación nas fins de semana dos meses de xullo e agosto, con músicos e bandas caldenses na súa maioría.

Lévase a cabo en diferentes prazas da vila, e adaptados á normativa vixente deste tipo de espectáculos.

Así mesmo, organízanse actividades deportivas, campamento urbano, Kaldarte (arte na rúa), xornadas infantís, etc.

Orzamento: 54.400,00 €

5. PROMOCIÓN SOCIAL E TURÍSTICA DE CALDAS DE REIS:

Para promocionar os recursos culturais e naturais de Caldas como principal opción do turismo, e dadas as consecuencias especiais do perfil do visitante, plantéxanse unhas accións como a recuperación da Ruta da Auga e a súa homologación; deseño e posta en marcha de seis rutas autoguiadas por Caldas, para que desde o teléfono móbil o visitante poida percorrelas, adaptándose así aos novos protocolos e dando paso ás novas tecnoloxías.

Por outro lado, o concello vai desenvolver unha estratexia de promoción e marketing turístico e cultural, cunha nova identidade e novos contidos de todos os sectores culturais de Caldas (artes plásticas, escénicas, gastronomía, artes, artesanía, etc).

Orzamento: 44.130,00 €



6. PLAN CULTURAL PARA FESTAS POPULARES:

O Concello de Caldas fai unhas colaboracións anuais coas distintas asociacións musicais do municipio, como son a Escola de Danzas e Gaitas de Caldas, a Coral Polifónica de Caldas, o Grupo Parroquial de Arcos da Condesa e a Banda Municipal de Música, no que se contratan un número de actuacións dispoñibles para as distintas comisións que ao longo do ano organizan as festas con arraigo tradicional.

As comisións de festas ou de veciños solicitan a actuación correspondente para cantar a misa, facer alborada ou actuacións musicais populares.

Orzamento: 7.500,00 €

7. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA:

Durante todo o ano o Concello, a través da concellería de deportes, organiza distintas actividades deportivas para todas as idades, como torneos de baloncesto e fútbol, tenis de mesa, carreira popular polas rúas de Caldas, xadrez, etc.

Igualmente, lévase a cabo ximnasia de mantemento para mulleres e persoas maiores, así como petanca e xogos populares.

Durante todo o ano hai unha programación estable con andainas, torneos, milla urbana, etc.

O lugar de desenvolvemento das actividades varía segundo as necesidades dos grupos así como da meteoroloxía. O Concello conta co Pavillón Municipal como base para a realización de actividades deportivas, pero tamén se levan a cabo as actividades no espazo público sempre que sexa posible, ou en centros sociais das distintas parroquias.

As actividades deportivas gozan de moita asistencia de público e sempre garanten os obxectivos marcados en canto a participación e integración social.



Orzamento: 7.080,00 €

8. OUTONO CULTURAL:

No mes de outubro sempre se programa o “Mes do Teatro”, con diferentes e variadas postas en escena de obras teatrais de compañías galegas.

A actividade goza de moita participación por estar dentro do calendario cultural anual, o cal fai que a poboación caldense conte con gran tradición de consumo desta disciplina.

Este ano, especialmente, apóstate por manter a programación para o apoio das compañías galegas e a situación especial que están atravesando.

Dentro do marco do Outono Cultural organízase no mes de novembro a celebración do tradicional Magosto, presentando unha programación de música tradicional, asado de castañas e produtos propios da tempada e actividades como concursos e obradoiros para todas as idades.

Orzamento: 14.650,00 €

9. EDICIÓN HOMENAXE A MÁXIMO SAR:

Maximino Rodríguez Buján, coñecido baixo o pseudónimo de “Máximo Sar” ten escrito centos de artigos xornalísticos e de investigación sobre diversas temáticas culturais e antropolóxicas caldenses.

Durante décadas publicou nos principais xornais de Galicia e como homenaxe á súa obra o Concello condedeulle a distinción de Fillo Adoptivo da Vila. Para culminar esa homenaxe a un persoeiro intelectual e querido de Caldas, estase a preparar a edición dun libro cunha selección de artigos e investigacións relacionadas con Caldas e a súa comarca. Publicación que servirá para compendiar e preservar unha rica e precisa información histórica da comarca de Caldas e as súas xentes e costumes, e será distribuído polas principais bibliotecas e entidades de Galicia.



Orzamento: 6.300,00 €

ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CUNTIS

1. ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E CULTURAIS.-

1.1.- UN INVERNO DE ENTROIDO

Este é un programa cultural e de ocio que engloba unha variada selección de actividades, as cales se realizan arredor do entroido. Unha tradición fortemente arraigada no noso Concello, que remata coa celebración da Festa do Lacón con Grelos. Nesta duodécima edición abarca os meses de febreiro e marzo co seguinte programa de actividades:

OBRADOIRO DO CHAPANTE

EXCURSIÓNS

Presentación libro "EU SON CAROLINA!" de Javier Carballo de Jesús

OBRADOIRO INFANTIL DE COCIÑA

CURSO COCIÑA DE INVERNO

PAINTBALL

XI TAPALACÓN

OBRADOIRO DE MAQUILLAXE E

BAILE DE DISFRACES INFANTIL

II CEA BAILE DE ENTROIDO

DESFILE E CONCURSO DE ENTROIDO

OBRADOIRO DE CARETAS (Actividade en inglés)

GALA DO CHAPANTE "Presentación oficial do Sr. Chapante"

MUSICAL INFANTIL

IX VESPAGUATEQUE

XXIII FESTA DO LACÓN CON GRELOS



1.2.- DESFILE-CONCURSO DO ENTROIDO

Celebración de arraigada tradición neste municipio que continúa cada ano grazas á participación, empeño e ilusión dos habitantes do Concello.

É un espectáculo de contemplación, pero tamén de participación e integración, onde os espectadores, ao final, se acaban mesturando cos entroidos e divertindo na Praza da Constitución.

O día de celebración sempre é o domingo de entroido pola tarde, co seguinte programa: desfile de comparsas, grupos, parellas e individuais.

1.3.- LACÓN CON GRELOS

O domingo seguinte ao domingo de entroido é o día de celebración desta festa gastronómica do Lacón con Grelos, que este ano coincidiu no día 1 de marzo de 2020, na súa XXIII Edición, declarada de Interese Turístico de Galicia.

A festa inclúe outras moitas actividades paralelas que se organizan arredor desta xornada gastronómica

1.4.- FESTAS PATRONAIS

As Festas Patronais neste municipio celébranse do 15 ao 18 de agosto.

Neste ano, debido á situación de crise sanitaria que estamos a vivir e, se as condicións que teñamos nese momento o permiten, realizarase unha programación distinta ao que viña sendo habitual, sen grandes aglomeracións e co cumprimento de tódalas medidas de prevención previstas polas autoridades sanitarias.

Polo tanto, as actividades que se levarán a cabo nestes catro días, que serán durante a xornada diúrna, estarán formadas por espectáculos infantís e para público adulto con actuacións de música, maxia, clown, etc.



1.5.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Na Escola Municipal de Música lévase a cabo a iniciación musical desde os catro anos, ademais da formación musical completa de adolescentes, mocidade e persoas adultas.

O programa de estudos é flexible e está aberto a tódolos estilos musicais, polo que se adapta ás necesidades, características e idade de cada estudante.

Todo o programa da Escola é eminentemente práctico, tendo a súa expresión máxima nos grupos instrumentais e vocais, sen descoidar a adquisición de coñecementos e habelencias técnicas que fan posible utilizar a música como unha linguaxe de comunicación.

2. -SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

2.1.- ENVELLECIMENTO ACTIVO: OBRADOIROS DE MEMORIA, XIMNAXIA MANTEMENTO E ACTIVIDADES MANIPULATIVAS (OBRADOIROS INTEGRADORES).

Dende hai varios anos, o Departamento de Servizos Sociais do concello de Cuntis desenvolve diversas actividades dirixidas a distintos colectivos para mantemento e promoción de hábitos de vida saudables e prevención da dependencia. A maioría destas actividades están descentralizadas por distintos lugares e parroquias deste concello, para garantir a igualdade de oportunidades e dereitos por motivos de residencia. O termino municipal de Cuntis é eminentemente rural e con unha dispersión territorial moi considerable, que dificulta o acceso aos servizos máis necesarios é públicos concentrados na zona urbana

Actividades:



- Pintura en tela
- Decorados de tellas
- Tapices
- Elaboracións de pezas de bixutería
- Actividades de restauración
- Bordados.
- Pintura de cadros e tapices
- Tallado de vidro
- Restauración.

En relación cos obradoiros de memoria // estimulación cognitiva, realízanse diversas actividades que potencien e estimulen a memoria inmediata e a pasada.

E con respecto a ximnasia de mantemento, consiste en realización de actividades físicas acordes as limitacións individuais de do grupo. Esta é a única activade que se realiza na vila de Cuntis, no Pavillón e Ximnasio do Colexio Publico.

Estas tres actividades son executadas por persoal técnico especializado e coa titulación necesaria e con ampla experiencia nestes ámbitos

2.2.- PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

ESQUEMA PROXECTO HABILITAS 2020

O programa habilitas está orientado á mellora da calidade de vida das persoas participantes e a das súas familias, proporcionando experiencias de aprendizaxe que permitan a adquisición e mellora das habilidades destes para desenvolverse na súa contorna natural e ofrecendo oportunidades de desenvolvemento persoal.

Esta 12ª edición do programa aséntase en varios modelos e orientacións teóricas, adoptando a definición de Discapacidade Intelectual e do Desenvolvemento, da



Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento (AIDD, 2010).

2.3.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DE ADULTOS:

Esta actividade está dirixida as persoas maiores de 18 anos, ou menores que tiveran un contrato laboral, que non remataron con éxito a súa formación educativa básica e/ou abandonaron o ensino secundario, empadroados/as no concello de Cuntis. Tamén integráronse as persoas que tiñan o título de Graduado Escolar e queren obter o Graduado en Secundaria.

A formación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas:

- A formación básica inicial.
- As ensinanzas conducentes a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

2.4.- SERVIZO DE ATENCIÓN Á MULLER:

O persoal deste programa é unha psicóloga, con funcións de atencións e actividades terapéuticas as mulleres e as súas familias e unha avogada para prestar asesoramento xurídico.

A intervención psicolóxica realízase unha vez a semana durante dúas horas e o asesoramento xurídico segundo a demandas que se presenten.

Todas estas intervencións realízanse no departamento de servizos sociais deste concello.

En relación co servizo de atención psicolóxica, as funcións máis concretas son:

- Atención psicosocial ás usuarias e as súas familias derivadas polo Departamento de Servizos Sociais.
- Terapia familiar
- Participación no ámbito comunitario, educativo e asociativo en actividades vinculadas á protección da muller e nos proxectos de carácter preventivo.



- Elaboración de estudos, informes e memorias.

Co servizo de asesoramento xurídico as funcións serían:

- Asesoramento individual ás mulleres e as súas familias en materia de dereito de familia, civil e/ou penal.
- Canalización das demandas cara outros recursos xurídicos: xustiza gratuita, recursos e prestacións económicas, etc.
- Participación no ámbito comunitario, educativo e asociativo en actividades vinculadas á protección da muller e nos proxectos de carácter preventivo.
- Elaboración de estudos, informes e memorias.

2.5.- TELEASISTENCIA DOMICILIARIA:

Este servizo está dirixido ás persoas maiores ou con discapacidade, que viven soas ou que pasan a meirande parte do día en presenza doutras persoas e que necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poderen seguir vivindo non seu propio domicilio. Tamén a aquelas que, aínda convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que lle impidan desenvolverse con total autonomía.

As persoas que se están beneficiando deste servizo, neste intre son oito, podendo incrementarse o listado en función das demandas.



Orzamento actividades Concello de Cuntis:

1.	ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E CULTURAIS.	
	Un Inverno de Entroido.....	10.000,00 €
	Desfile-Concurso do Entroido.....	3.000,00 €
	Lacón con Grelos.....	67.000,00 €
	Festas Patronais.....	10.000,00 €
	Escola Municipal de Música.....	18.769,00 €
2.	SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS:	
	Envellecemento activo	2.800,00 €
	Programa de discapacidade	3.795,00 €
	Programa de formación de adultos	30.000,00 €
	Servizo de atención á muller	2.172,00 €
	<u>Teleasistencia domiciliaria</u>	<u>500,00 €</u>
TOTAL		148.036,00 €

